

PEZA DO MES

decembro

2024



URNA DE CAMEIXA

Urna de Cameixa

Último terzo do III milenio a. C.

Cerámica modelada á man

Dimensións: alt. 44 cm; diám. máximo 35 cm; diám. boca 28 cm; diám. fondo 16,1 cm

Figueiroa (Cameixa, Boborás, Ourense)

Núm. inv. DX0147

O descubrimento desta magnífica peza cerámica tivo lugar en 1997, nunha zona próxima ao coñecido castro de Cameixa, que fora escavado por Florentino López Cuevillas e Xoaquín Lorenzo Fernández nos veráns dos anos 1944, 1945 e 1946. O seu achado vincúlase ao proceso de profundos cambios no territorio galego, consecuencia das grandes obras de infraestruturas públicas, e ao desenvolvemento urbanístico que, dende os anos 90 do pasado século, provocaron inxentes remocións de terra e deron un gran pulo ao que se coñece como arqueoloxía preventiva, de urxencia ou de rescate. Unha modalidade arqueolóxica que abriu un campo de novas oportunidades no eido da investigación, coa documentación de xacementos ata entón descoñecidos e a achega de novos datos sobre os asentamentos e a organización do territorio.

Nesta ocasión, os traballos arqueolóxicos, dirixidos por Manuel Santos Estévez, do «Grupo de Investigación en Arqueología del Paisaje» (GIArPa) da Universidade de Santiago de Compostela, enmárcanse dentro do proxecto marco «Plan de control e corrección do impacto arqueolóxico da construción da Rede de Gasificación de Galicia», en concreto, no seguimento da construción do ramal Pontevedra-Ourense.

Previamente, a prospección superficial da zona en 1994, baixo a dirección de Pilar Prieto, motivou a modificación do trazado inicial do gasoduto, que atravesaba polo centro do castro de Cameixa. Salvagardouse, deste xeito, un importante ben patrimonial.

Tras a apertura dunha gabia dun metro de ancho, para a canalización do tubo do gas, documentouse unha complexa serie de estruturas, así como materiais arqueolóxicos de distintas épocas, dende a prehistoria recente á Idade Media, ao longo duns 200 metros lineais. Durante os labores de limpeza e perfilado da gabia para o rexistro gráfico das estruturas, centrando o conxunto, chamou a atención dos arqueólogos o que definiron como unha fosa de perfil case globular, de boca circular e base redondeada, escavada directamente no sábrago, na que afloraban numerosos fragmentos cerámicos que parecían dun

mesmo cacharro, o que leva a propoñer a realización dunha sondaxe de dous metros de lado que permita a súa recuperación contextualizada. A escavación, realizada entre os días 2 e 3 de xullo de 1997, levouna a cabo César Parceros Oubiña, quen publicaría os resultados como número 1 da serie TAPA (Trabajos en Arqueología del Paisaje), co título *Documentación de un Entorno Castreño: Trabajos Arqueológicos en el Área de Cameixa*.


No fondo da parte central da fosa, aparece a vasilla envorcada e totalmente fragmentada, pero aparentemente completa. De feito, tras a súa restauración por Yolanda Porto Tenreiro, do «Laboratorio de Arqueología y Formas Culturales» da Universidade compostelá, confirmouse que tan só faltaba un fragmento do bordo. No seu interior, acháronse restos de incineración, pequenos carbóns e unha pedra de granito puído, ennegrecido pola acción do lume, probablemente utilizada como man de muíño.

Dado o contexto pechado e delimitado do que procede, considérase unha deposición orixinal.

Trátase dun gran recipiente cerámico, de 19,5 litros de capacidade, paredes grosas e perfil bitroncocónico, cuxa maior amplitude dáse contra a metade da peza, onde presenta unha marcada carena. O bordo é lixeiramente aberto e ten un labio plano. O pé é estreito, de base plana, cun rebordo perimetral redondeado. A parte superior do vaso ofrece unha rechamante decoración plástica, composta por tres cordóns en relevo, un na parte externa do labio e outros dous delimitando horizontalmente un estreito colo con motivos de mamelóns aliñados.

Foi feito á man, coa técnica de urdido, mediante a superposición de rolos de bastante grosor para levantar as paredes. A arxila presenta unha textura compacta, con poros apenas perceptibles e desgraxantes de gran medio e fino de cuarzo, feldespatos e predominio de mica. O acabado final realizouse mediante o brunido das superficies, máis rudo no interior, onde deixa ver os churros utilizados na súa conformación, con defectos de unión nalgúns zonas das paredes. A cor clara da vasilla é indicativa da súa cocción en atmosfera oxidante, aínda que se trata dunha cocción moi irregular, ao variaren as tonalidades da superficie entre o laranxa e o marrón claro.

Os arqueólogos escavadores valoran a fosa como un elemento probablemente illado na área da contorna do castro de Cameixa. En canto á súa



ESQUEMA ESTRATIGRÁFICO DA FOSA DE CAMEIXA
(PARCERO, C. 1997, FIG. 20, P. 10)

funcionalidade, propoñen como hipótese máis verosímil que se trate dunha fosa de carácter funerario, en concreto un enterramento por cremación, a xulgar polas testemuñas de queimado que acubillaba no seu interior.

Aínda que nun principio se lle atribuíu unha cronoloxía do Bronce Final, as análíticas realizadas posteriormente a un dos sedimentos carbonizados que enchían o interior da urna proporcionaron unha datación radiocarbónica de 2335-2039 BC, o que a sitúa nunha fase temperá do Bronce Inicial, en pleno desenvolvemento do Campaniforme en Galicia.

A peza foi estudada pola profesora Pilar Prieto Martínez, especialista en cerámica, quen, tras as análises mineralóxicas e químicas realizadas nunha mostra do recipiente, deduce que pode ser de produción local, xa que a súa materia prima é coherente co contorno litolóxico de rocas graníticas alcalinas da zona onde se localiza o xacemento. Sinala, tamén, que se trata dun recipiente atípico, cunha morfoloxía única, da que non existen paralelos tipolóxicos claros nos xacementos da Idade do Bronce do noroeste peninsular. É certo que elementos decorativos de cordóns ou de mamelóns aparecen en vasillas do norte de Portugal e estes últimos están presentes tamén na área ourensá, por exemplo nos vasos troncocónicos das cistas da Pedrosa (Cualedro), ou no de Santa Marta de Lucenza, pero a combinación de ambos os motivos nunha mesma vasilla é algo

excepcional e pon como exemplo unha xerra da necrópole de fosas da Fraga do Zorro (Ábedes, Verín), e o vaso troncocónico da cista de Gorgolão (Vila da Ponte, Montalegre), que posúe unha combinación de mamelóns con cordóns formando grilandas. Porén, outras características, como a forma do recipiente, o seu gran tamaño e a propia disposición da decoración, interprétanse como resultado de posibles influencias foráneas procedentes da Europa atlántica, entre a costa bretoa e a belga, cuxos paralelos máis próximos serían unha urna procedente de Saint-Just de Cojou, cunha datación similar á de Cameixa, e o denominado *Horizonte Hilversum* na Bélxica actual.

Esta urna cineraria e o contexto no que foi achada constitúe un exemplo máis do complexo mundo funerario e da diversidade de solucións rituais que se dan no noroeste a partir do 2.500 a. C., cando paulatinamente se vai abandonando a construción dos monumentais túmulos megalíticos, que serán a partir de entón reutilizados como tumbas secundarias. Ao mesmo tempo, constrúense pequenos túmulos *ex nihilo* e comezan a aparecer novas formas de enterramento, que se caracterizan por non deixar unha pegada visible na paisaxe. Referímonos ás cistas, caixas de pedra de pequeno ou mediano tamaño e plural tipoloxía, que aparecen enterradas e desprovistas de masa tumular, ás tumbas en abrigos ou covas, e ás sepulturas en fosas escavadas no terreo, como esta de Cameixa. Enterramentos que nos falan dos distintos ritos funerarios –inhumación e cremación–, do paso do colectivo ao individual, da diferente significación social, segundo o tipo de enxoval que acompaña o morto ou a súa ausencia e, en definitiva, do universo de crenzas e actitudes ante a morte das comunidades da Idade do Bronce na nosa rexión. É un tema que agocha aínda moitas interrogantes.



CLAUSTRO DO PATIO DO MUSEO ARQUEOLÓXICO NA SÚA SEDE DA PRAZA MAIOR



ENTRADA Á SALA DE ESCULTURA DO MUSEO ARQUEOLÓXICO PROVINCIAL SITUADA AO LADO DO CLAUSTRO DE SAN FRANCISCO



INTERIOR DA SALA DE ESCULTURA DO MUSEO ARQUEOLÓXICO PROVINCIAL

MUSEO DE OURENSE

O edificio histórico que é a sede do museo está pechado ao público por obras de reforma. Aínda así, cando é posible facilítase a súa visita, libre e tamén con posibilidade de guía, para coñecer os restos conservados e descubertos como resultado da intervención arqueolóxica realizada. O soar foi ocupado dende a época romana –da que quedan algúns testemuños fragmentarios, pero relevantes na historia da cidade de Ourense–, e seguidamente por unha necrópole altomedieval, para finalmente erguer nel o Pazo do Bispo de Ourense, construción civil románica do século XII, moi completa e que se definiu na súa totalidade espacial e volumétrica, aínda que foi obxecto de engadidos e modificacións ata configurar o actual conxunto, monumento histórico-artístico declarado en 1931.

ESCOLMA DE ESCULTURA

En canto se realizan as obras de remodelación ofrécese aos visitantes unha visión das coleccións do museo a través dunha cuidada selección de pezas de escultura, dende a protohistoria ao Barroco, na sala San Francisco. Esta é a antiga igrexa da Venerable Orde Terceira (VOT) de San Francisco, que se sitúa ao lado do cemiterio e do exconvento do mesmo nome, onde están o claustro gótico e a nave da igrexa cos seus monumentos funerarios góticos e renacentistas.

Teléfono: 988 788 417

Horario de visita:

De martes a sábado: das 9.00 ás 21.00 h ininterrompido

Domingo: das 9.00 ás 15.00 h

Pechado os luns e festivos oficiais

Outros servizos do museo

Os servizos de información xeral, biblioteca e consulta de investigadores están dispoñibles na situación provisional do museo, na rúa Xílgaro s/n (Centro Santa María de Europa, A Carballeira), 32002 Ourense.

Teléfono: 988 788 439

Horario de atención ao público: de luns a venres, das 9.00 ás 14.00 h e das 16.30 ás 20.00 h

www.musarqourense.xunta.es

mapour@xunta.es

PEZA DO MES:

EDITA: Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense

TEXTO: Belén Lorenzo Rumbao

ISSN: 1579-9956

FOTOGRAFÍA: Fernando del Río Martínez

MAQUETA: Araceli Gallego Blanco